

No marco das Axudas ó emprego para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, solicitouse a subvención dos programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro co obxectivo fundamental de facilitar a mellora da empregabilidade das persoas traballadoras desempregadas a través da adquisición de experiencia profesional mediante o programa “ESTIMULACIÓN COGNITIVA PARA PERSOAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS”.

Este programa, desenvolvido pola **Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias – AFAL Ferrolterra**, foi subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade, mediante resolución de data 02 de decembro de 2021, con un importe de 58.932,00 euros, cantidade equivalente aos custos salariais de 4 persoas traballadoras contratadas durante 12 meses ao 75% da xornada máxima.

Con esta contratación preténdese traballar a estimulación cognitiva para mellorar o máximo posible o benestar físico, psicolóxico, social e vocacional das persoas con demencia, a través de tarefas que ralenticen o declive cognitivo e funcional das áreas que todavía tivesen preservadas, diminuindo, na medida do posible o deterioro derivado da enfermidade.

Serán obxectivos do programa que a traballadora poida adquirir competencias profesionais relacionadas co coidado e atención directa dos/as usuarios/as, e tamén habilidades máis encamiñadas ao terreo socioeducativo e á animación estimulativa.

Como resultado espérase que os/as traballadores/as acaden a inserción laboral.

O procedemento de selección efectuarase indistintamente a través das dúas seguintes modalidades:

- A) Selección mediante unha oferta de Emprego específica presentada no Servizo Público de Emprego de Galicia, segundo os modelos normalizaados para o efecto.
- B) Selección directa pola entidade beneficiaria, publicación no Portal de Emprego de Galicia (<https://emprego.xunta.gal>).



C)